

Foco posto na competitividade

EROSKI BAIXA OS PREZOS DE XEITO PERMANENTE EN MILLEIROS DE PRODUTOS

- **As baixadas de prezo alcanzan os 7.000 produtos nos grandes hipermercados e superan os 1.000 nos pequenos supermercados**
- **As baixadas de prezos son froito das melloras conquistadas por EROSKI na súa cadea de valor**
- **Durante o pasado ano, EROSKI trasladoulles ás familias 260 millóns de aforro a través de ofertas e promocións cada vez máis personalizadas**

Elorrio, 1 de xuño do 2017.- [EROSKI](#) baixa o prezo a milleiros de produtos nos seus supermercados e hipermercados, dando un paso máis no seu compromiso co aforro dos consumidores. Os clientes da cooperativa beneficiaranse de prezos máis competitivos ata en 7.000 artigos no caso dos grandes hipermercados e en máis de 1.000 nos supermercados máis pequenos. As baixadas de prezo aplicáronse a artigos habituais na cesta da compra.

O plan estratéxico de EROSKI pon o foco para os vindeiros anos na competitividade das súas tendas e sitúa o Socio Cliente no centro de todas as decisións. EROSKI aposta nesta ocasión por unha baixada xeneralizada dos seus prezos, sobre as que se seguirán descontando tanto as ofertas dirixidas para todos os seus clientes, como as promocións personalizadas aos seus Socios Cliente a través do programa de fidelización EROSKI Club.

"Esta baixada xeneralizada de prezos en EROSKI é un paso máis no noso compromiso por trasladarlles aforro aos consumidores co obxectivo de contribuírmos ao seu benestar e calidade de vida. Baixamos os prezos polas melloras acadadas na nosa cadea de subministración e os nosos clientes poderán atopar os seus produtos preferidos de marcas fabricantes e marca propia, agora con prezos máis baixos", asegurou a directora de Márketing de EROSKI, Eva Ugarte.

A baixada xeneralizada de prezos aplicada por EROSKI en máis de 7.000 produtos inclúe 3.000 produtos en alimentación, 1.500 en bebidas e 2.700 en droguería e perfumería. A cooperativa activou unha intensa campaña de comunicación para

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



sinalizar nas súas tendas os produtos que baixaron o seu prezo, de maneira que sexan doados de identificar polos clientes.

EROSKI traslada 260 millóns de euros de aforro ás familias

Durante o pasado exercicio, EROSKI trasladou un total de 260 millóns de aforro ás familias a través de ofertas dirixidas a todos os seus clientes e a través de promocións segmentadas para os seus Socios Clientes.

EROSKI Club, que á volta do verán cumprirá 3 anos, supera xa os 3 millóns de Socios Cliente. Os usuarios da tarxeta gozan de mellores prezos en determinados produtos, contan con ofertas exclusivas e descontos personalizados que se acumulan como saldo dispoñible na propia tarxeta, amais de todas as vantaxes do programa Travel Club.

Recentemente, como unha iniciativa máis de EROSKI Club para lles trasladar aforro aos seus Socios Clientes, a cooperativa presentou unha nova tarxeta de crédito, en colaboración con Mastercard e Santander Consumer Finance, que converterá en aforro para o seu titular o 1% do importe das compras pagadas fóra de EROSKI*, ingresando eses cartos na súa tarxeta EROSKI club asociada, como saldo dispoñible polo Socio Cliente para as súas compras en calquera supermercado, hipermercado, gasoleira, óptica, axencia de viaxe ou tenda online da cooperativa.

* Quedan excluídas as compras en Hipermercados e as súas gasoleiras, Supermercados e as súas gasoleiras, tendas de Alimentación, usos relacionados co xogo ou apostas e extraccións e disposicións de efectivo, ao non seren operacións de compra de bens ou servizos. O importe a devolver calcúlase sobre as compras netas (restados aboamentos e devolucións) segundo tipoloxía de actividade comunicada polo establecemento vendedor

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de máis de 1.800 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash&carry, amais de gasoleiras, ópticas, oficinas de viaxes, perfumerías e tendas de equipamento deportivo. Conta máis de 33.870 socios cooperativistas e traballadores.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)